



**ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA CAMIÑO DE POUSADA Á CAPELA DE SAN XOANCIÑO (AMES) E OUTRO. POS ADICIONAL 1/2016**

Na Casa do Concello de Ames sendo as dez horas do día dezaseis de febreiro de dous mil dezaioito reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto das obras CAMIÑO DE POUSADA Á CAPELA DE SAN XOANCIÑO (AMES) E OUTRO.

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 15 de xaneiro de 2018, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excm. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas polas empresas EXCAVACIONES OVIDIO SL, que ofertou unha baixa do 39,20 % e EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL, que ofertou unha baixa do 37,50 % estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

**ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax á EXCAVACIONES OVIDIO SL e EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL, que ofertou concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa das baixas remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Pz. Do Concello, nº2. Benfamaráns  
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org  
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002  
Fax: 981 883 925

Con data 19 de xaneiro de 2018 remitiuse escrito de requirimento ás dúas empresas que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial entraban en oferta desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación presentaron a documentación as dúas empresas requiridas. Debido ó anteriormente exposto douselle traslado ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada polas dúas empresas para xustificar a súa oferta económica.

A arquitecta técnica municipal, María Gamundi Fernández, emitiu informe, con data 7 de febreiro de 2018, que transcrito literalmente dí:

**“NFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR DIVERSAS EMPRESAS RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA “CAMIÑO DE POUSADA Á CAPELA DE SAN XOANCIÑO (AMES) E OUTRO**

**ANTECEDENTES:**

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 52.061,36 €

A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 37.787,67 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 36.186,87 €. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 33.773,21 €, que representa un 35,13% de baixa.

Das ofertas presentadas, as seguintes atópanse no suposto referido no parágrafo anterior:

EXCAVACIONES OVIDIO SL: 31.653,30 € [39,20% baixa]  
EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL: 32.538,35 € [37,50% baixa]

Estas empresas presentan documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

**INFORME:**

EXCAVACIONES OVIDIO SL:



O licitador basea a viabilidade da oferta presentada nos aforros que se acadan nos seguintes apartados:

- Mengua da redución de gastos xerais, que pasa do 13% ao 5%.
- Redución do beneficio industrial, que pasa do 6% ao 1%.
- O resto do aforo provén do grao de tecnidade e eficiencia da empresa dada a tipoloxía da obra, o que lle permite acadar maiores rendementos.

**Avaliación da documentación achegada:**

A xustificación presentada pola empresa é moi esquemática e non está suficientemente argumentada. O aforo previsto derivado da redución da porcentaxe de gastos xerais debería ser o resultado dunha análise detallada dos gastos individualizados que se xeran por ese concepto.

Por outra banda, sustentar unha importante parte dos aforros no grao de tecnidade e eficiencia da empresa constitúe unha argumentación feble, posto que se trata dunha consideración xenérica, que non garante por si mesma unha redución tan importante do custo da obra.





Por todo o anterior, considérase que o licitador non xustifica adecuadamente a baixa ofertada.

EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL:

O licitador presenta un documento detallado que consta dos seguintes apartados:

- Carta de compromiso dos subministradores e orzamentos dos diferentes materiais que se utilizan na obra: GRANITOS DEL XALLAS (áridos), PROBISA (asfaltos), GAMMA (aglomerado, aceiro, tubaxes, etc), MIBASA (áridos).
- Relación de maquinaria propiedade da empresa posta a disposición da obra (indican que non precisan alugar maquinaria externa para a execución dos traballos).
- Elaboración de novos prezos descompostos a partir dos prezos dos materiais ofertados polas empresas subministradoras.
- Orzamento parcial da obra e resumo de orzamento, con aplicación de 13% de gastos xerais e 1% de beneficio industrial.

**Avaliación da documentación achegada:**

Algunhas dos orzamentos achegados polas subministradoras son moi pouco concretas, e non describen con exactitude o material que ofertan, polo que non garanten que se trate do mesmo material que está prescrito no proxecto. En concreto, GAMMA oferta un "TUBO PVC 400MM A PE DE OBRA, sen que se defina o resto de características do material que figuran na partida: "...unión por xunta elástica, segundo NORMA UNE-EN 1401-1 SERIE SN-4". Cómpre indicar que o tubo de PVC pode ser liso ou rugoso, con prezos moi diferentes.

Consultados diversos subministradores dese tipo de material, compróbase que o prezo real dos tubo é moi superior ao que figura na xustificación de baixa; e que esa diferenza non pode ser compensada polos aforros que se puideran producir na contratación do produto, derivados da cantidade de material ou dos posibles acordos favorables que se puideran producir entre as empresas.

Tendo en conta, ademais, que a citada partida é a mais relevante do proxecto dende punto de vista orzamentario, a incidencia indicada no parágrafo anterior condiciona substancialmente a oferta presentada.

Con tal motivo, considérase que o licitador non xustifica adecuadamente a baixa ofertada.

**CONCLUSIÓN:**

Examinada a documentación presentadas polas empresas licitadoras para xustificar as ofertas económicas realizadas, **considérase que ningunha delas a xustifica de xeito adecuado, polo que se informan desfavorablemente**".

Á vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, procede a exclusión, das empresas EXCAVACIONES OVIDIO SL e EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL, do procedemento por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

A continuación procédese a valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliados mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

**Tipo de licitación con IVE: 52.061,36.- Euros**

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
1	EXCAVACIONES POSE SL	36.905,00	31,67
4	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	37.389,00	30,81
5	OVIGA SL	35.420,00	34,31

6	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	38.832,57	27,94
7	SONDEOS PORZUNA SL	34.469,83	36,00
8	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	33.949,21	36,92
9	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	34.308,44	36,28
10	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	41.102,44	23,32
11	CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL	37.404,73	30,78
12	EXCAVACIONES Y ÁRIDOS ORDES SLU	34.732,52	35,53
13	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL	34.601,84	35,76
14	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	36.806,99	31,85
15	EXCAVACIONES MIDÓN SL	37.848,56	29,94
16	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	42.414,49	20,65
17	OBRAS Y VIALES CERNE SL	37.510,00	30,60
18	NEMESIO ORDÓÑEZ SA	42.055,16	21,38
19	COVIASSTEC SL	40.961,88	23,60
20	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	39.733,23	26,11
21	SYR-AMG SLU	34.709,21	35,57
22	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	46.966,73	11,37
23	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	38.988,75	27,62
24	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	39.592,00	26,39
25	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	34.865,36	35,29
26	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	45.241,32	14,89
27	GESTAL Y LÓPEZ SL	35.427,76	34,30

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
8	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	33949,21	36,92
9	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	34308,44	36,28
7	SONDEOS PORZUNA SL	34469,83	36,00
13	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL	34601,84	35,76
21	SYR-AMG SLU	34709,21	35,57
12	EXCAVACIONES Y ÁRIDOS ORDES SLU	34732,52	35,53
25	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	34865,36	35,29
5	OVIGA SL	35420	34,31
27	GESTAL Y LÓPEZ SL	35427,76	34,30
14	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	36806,99	31,85
1	EXCAVACIONES POSE SL	36905	31,67





4	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	37389	30,81
11	CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL	37404,73	30,78
17	OBRAS Y VIALES CERNE SL	37510	30,60
15	EXCAVACIONES MIDÓN SL	37848,56	29,94
6	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	38832,57	27,94
23	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	38988,75	27,62
24	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	39592	26,39
20	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	39733,23	26,11
19	COVIASSTEC SL	40961,88	23,60
10	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	41102,44	23,32
18	NEMESIO ORDÓÑEZ SA	42055,16	21,38
16	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	42414,49	20,65
26	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	45241,32	14,89
22	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	46966,73	11,37


A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

**ACORDA:**

1º.- Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas EXCAVACIONES OVIDIO SL e EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras **camión de Pousada á capela de San Xoanciño (Ames) e outro** á empresa **Construcciones Ponciano Nieto SL** con CIF B-15293145 no prezo de vinte e oito mil cincuenta e sete euros e vinte céntimos **(28.057,20.- €)**, máis o IVE correspondente que ascende á cantidade de cinco mil oitocentos noventa e dous euros e un céntimo **(5.892,01.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as dez horas e dezasete minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.



# PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fórmula [PDF]



Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela - Ano 2010

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exportar datos

Seleccionar archivo Ningún arquivo seleccionado

Recuperar datos

Paso 1

Paso 2

Paso 3

Paso 4

## Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso

### CAMIÑO DE POUSADA Á CAPELA DE SAN XOANCIÑO (AMES) E OUTRO

Prezo de Licitación		Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas extremas)	Limite Oferta Temeraria			
52,061.36 €		40 puntos	37,645.51 €	36,080.32 €	33,673.76 €			
Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total
1	EXCAVACIONES POSE SL	36,905.00	29.11	1.00	30.67	Non	Non	31.67
2	EXCAVACIONES OVIDIO SL	31,653.30	39.20	1.00	40.00	Si	Non	41.00
3	EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL	32,538.35	37.50	1.00	38.43	Si	Non	39.43
4	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	37,389.00	28.18	1.00	29.81	Non	Non	30.81
5	OVIGA SL	35,420.00	31.96	1.00	33.31	Non	Non	34.31
6	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	38,832.57	25.41	1.00	26.94	Non	Non	27.94
7	SONDEOS PORZUNA SL	34,469.83	33.79	1.00	35.00	Non	Non	36.00
8	PONCIANO NIETO SL	33,949.21	34.79	1.00	35.92	Non	Non	36.92
9	J. MAURI E HIJOS SL	34,308.44	34.10	1.00	35.28	Non	Non	36.28
10	IGLESIAS MERA SL	41,102.44	21.05	1.00	22.32	Non	Si	23.32
11	SIBER ORDES SL	37,404.73	28.15	1.00	29.78	Non	Non	30.78
12	EXCAVACIONES Y ÁRIDOS ORDES SLU	34,732.52	33.29	1.00	34.53	Non	Non	35.53
13	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL	34,601.84	33.54	1.00	34.76	Non	Non	35.76
14	LEONARDO MIGUÉLEZ SL	36,806.99	29.30	1.00	30.85	Non	Non	31.85
15	MIDÓN SL	37,848.56	27.30	1.00	28.94	Non	Non	29.94
16	MARCONSA SL	42,414.49	18.53	1.00	19.65	Non	Si	20.65
17	OBRAS Y VIALES CERNE SL	37,510.00	27.95	1.00	29.60	Non	Non	30.60
18	NEMESIO ORDÓÑEZ SA	42,055.16	19.22	1.00	20.38	Non	Si	21.38
19	COVIASDEC SL	40,961.88	21.32	1.00	22.60	Non	Si	23.60

20	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	39,733.23	23.68	1.00	25.11	Non	Non	26.11
21	SYR-AMG SLU	34,709.21	33.33	1.00	34.57	Non	Non	35.57
22	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	46,966.73	9.79	1.00	10.37	Non	Si	11.37
23	ASFALGAL SL	38,988.75	25.11	1.00	26.62	Non	Non	27.62
24	CANARGA SL	39,592.00	23.95	1.00	25.39	Non	Non	26.39
25	GR CONSTRUCCIONES SLU	34,865.36	33.03	1.00	34.29	Non	Non	35.29
26	EULOGIO VIÑAL SL	45,241.32	13.10	1.00	13.89	Non	Si	14.89
27	GESTAL Y LÓPEZ SL	35,427.76	31.95	1.00	33.30	Non	Non	34.30

Imprimir